1.- NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA.

1.1 MECANISMOS DE GARANTÍA DOS PRINCIPIOS DE OBXETIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA

Para o cumprimento dos obxectivos do programa de desenvolvemento rural, tendo en conta o carácter público dos fondos que o financian, a actuación da Asociación deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Eses principios plasmaranse, entre outras, nas seguintes normas de actuación da Asociación:

- Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertenzan ou non a Asociación, así como con outros GDR.
- Imparcialidade, de modo que os membros da Xunta Directiva da Asociación deben ausentarse dos debates e votacións daqueles proxectos nos que teñan un interese directo ou indirecto, por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao civil por consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimizade manifesta.
- Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos como dos proxectos subvencionados, así como para as contratacións que deba facer a Asociación.
- Transparencia, materializada en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que lles afecten e na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.
- Libre concorrencia, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación, por parte da Asociación, dos recursos humanos ou materiais.
- Obxectividade ou autolimitación da discrecionalidade, mediante a aplicación aos proxectos das normas recolleidas no presente documento, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidas e feitas públicas, do réximen de axudas e demaís normativa de aplicación ao programa, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.
- Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais nin se traten igual situacións diversas.
- Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas da Asociación para a xestión do programa, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.
- Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos do programa de desenvolvemento rural, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.
- Eficiencia, de xeito que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio socioeconómico, en especial entre mulleres e mozos/as, a fin de acadar a mellor proporción entre o rendemento, a utilidade dos investimentos e os gastos de funcionamento.

A estes efectos, tanto a Asociación como os seus socios facilitarán a colocación nos seus taboleiros de anuncios e a inserción nas súas publicacións de cantos documentos, convocatorias, concursos ou anuncios garantan o cumprimento destes principios.

A instrucción para a selección de proxectos comezará coa apertura da convocatoria e a presentación de solicitudes no rexistro da Asociación. O equipo técnico pedirá a documentación complementaria e os informes sectoriais pertinentes así como calquera outra actuación propia da instrucción dun procedemeto administrativo segundo o descrito nos artigos 78 e seguintes da Lei 30/1992.

O equipo técnico da Asociación encargarase de avaliar as solicitudes de axuda en función do programa de desenvolvemento rural, e das normas para a xestión do programa, en particular os criterios de selección e priorización de proxectos (baremo e regras de asignación de axudas), do Réxime de axudas, así como das demais normas aplicables.

Como resultado desa avaliación elaborará o informe de control de elixibilidade (ICE) e enviarao, xunto coa documentación necesaria para valorar a elixibilidade do proxecto, a Agader para a verificación da elixibilidade deste e da correcta aplicación da normativa correspondente por parte da Asociación.

Cando a Asociación reciba o ICE verificado por Agader, o equipo técnico daralle traslado do ICE, xunto coa documentación que corresponda, á Xunta Directiva para que, na primeira xuntanza que teña lugar, analice e valore as solicitudes de axuda e decida sobre a selección dos proxectos. A antedita decisión trasladarase a Agader, que resolverá a concesión ou denegación da axuda segundo a proposta de resolución da Xunta Directiva. Se o equipo técnico da Asociación, no proceso de instrución e elaboración do ICE, conclúe que o proxecto non é elixible, ou que procede o arquivo do mesmo por non cumprir os requisitos para ser subvencionado ou por desestimento do promotor, daralle traslado do ICE á Xunta Directiva para que tome o acordo correspondente, decisión que se trasladará a Agader, que resolverá segundo a proposta de resolución da Xunta Directiva, agás que se constate algún erro ou defecto de legalidade na proposta de resolución.

Para a contratación por parte da Asociación e coa finalidade de garantir a libre concurrencia, publicidade, transparencia e obxetividade, aplicará a seguintes regras básicas:

Contratación de Persoal:

- O procedemento selectivo constará das seguintes partes:

A) Proba escrita, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e da Asociación, normativa de subvencións e territorio de actuación da Asociación.

B) Entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

C) Méritos, en relación á experiencia e á formación específica vinculada con programas de desenvolvemento rural, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

- Na comisión de selección preverase un representante de Agader con voz e sen voto.

Contratación de outros gastos de funcionamento:

- De acordo co parágrafo 3 do artigo 29 da Lei 9/7007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o gasto subvencionable exceda de 30.000 €, no caso de obras, ou de 12.000 €, no caso de subministracións,consultaría ou asistencia técnica, a Asociación deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores.

- A selección da entidade adxudicataria realizarase segundo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade que rexen a contratación das administracións públicas. Os principios de publicidade e concorrencia materializaranse na publicación de anuncios en medios de comunicación e na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de ofertas.

1.2 OUTROS ASPECTOS DA XESTIÓN

A Asociación utilizará para a xestión do Programa e a xeración da documentación do mesmo as aplicacións informáticas e demais ferramentas multimedia que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poda poñer á súa disposición.

Para a xestión do Programa a Asociación terá en conta a normativa comunitaria, estatal, autonómica e local aplicable ás actuacións subvencionables, e en particular as seguintes normas e actos:

- A Decisión da Comisión Europea C (2008) 703, do 15 de febreiro de 2008, aprobatoria do PDR

− As bases reguladoras e a convocatoria da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, aprobadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008 (DOG 115, 16/06/2008)

− O programa de desenvolvemento rural de Bergantiños.

− As normas da Asociación para a xestión do programa

− O Réxime de axudas

− A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

− O Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común

− O Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER)

− O Regulamento (CE) nº 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005.

− O Regulamento (CE) nº 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Asemesmo a Asociación actuará conforme ás normas contidas no manual de procedemento Leader, así como, ás regras comprementarias que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poida establecer en exercicio das súas competencias para facilitar a execución do Programa de Desenvolvemento Rural.

2.- LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA.

2.1. PROXECTOS PRODUCTIVOS

Medida 411 "Dinamización do Sector Agrario e Forestal":

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto no marco da medida 411 non excederá os seguintes límites porcentuais e cuantitativos:

-Porcentaxe máxima da axuda:

Regra xeral: 45% sobre o gasto subvencionable.

Limitacións:

-No sector da produción agraria, cando o promotor non teña a consideración de agricultor mozo e o proxecto

se desenvolva fóra das zonas catalogadas como zonas desfavorecidas ou de montaña: 40% sobre o gasto subvencionable.

-No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando o promotor teña a consideración de empresa intermedia: 25% sobre o gasto subvencionable.

-Importe máximo da axuda: 250.000 €.

Respecto de todos os proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo.

Con carácter xeral, as axudas concedidas no marco desta medida ampáranse no Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

Tratándose de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, cando se efectúen respecto de produtos non incluídos no anexo I do Tratado, as axudas que se concedan ampararanse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

Medida 413 "Diversificación da Economía Rural e Mellora da Calidade de Vida":

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto productivo no marco da medida 413 non excederá os límites porcentuais e cuantitativos que a continuación se relacionan:

Respecto dos proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo.

-Proxectos vinculados á diversificación cara a actividades non agrarias e de creación, ampliación, modernización e/ou traslado de Pemes:

-Porcentaxe máxima de axuda: 45% do gasto subvencionable.

-Importe máximo de axuda: 250.000 €.

Esta axuda ampárase no Regulamento 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas, ou normativa que o substitúa.

-Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

-Porcentaxe máxima de axuda: 45% sobre o gasto subvencionable.

-Importe máximo da axuda: 200.000 €.

Esta axuda ampárase no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis. De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

2.2. PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

Medida 412 "Mellora Medioambiental e do Contorno Rural":

-Porcentaxe máxima de axuda pública: ata 100%.

-Importe máximo de axuda pública: 250.000 €.

Medida 413 "Diversificación da Economía Rural e Mellora da Calidade de Vida":

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto non productivo no marco da medida 413 non excederá os límites porcentuais e cuantitativos que a continuación se relacionan:

-Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

-Porcentaxe máxima de axuda: ata o 100%.

-Importe máximo de axuda: 250.000 €.

Para estes efectos, terán a consideración de proxectos non produtivos aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueloutros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica, ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

-Gastos de formación:

-Porcentaxe máxima de axuda: ata o 100%.

Os gastos vinculados á formación ampáranse no Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis. De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

2.3. CATEGORÍAS DE PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

O importe e a porcentaxe de axuda pública que pode corresponder aos proxectos de natureza non-produtiva axustarase ás intensidades máximas de axuda que a seguir se refiren, segundo a prioridade do proxecto de que se trate:

Proxectos non produtivos de prioridade alta. Intensidade de axuda ata o 100%:

-Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).

-Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.

-Implantación de TIC no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática e plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

Proxectos non produtivos de prioridade media. Intensidade de axuda de ata o 70%:

-Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.

-Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.

-Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

Outros proxectos non produtivos. Intensidade de axuda de ata o 50%:

-Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.

-Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da
Xunta de Galicia.

-Sinalización de recursos turísticos.

-Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

-Instalacións hípicas ou cinexéticas.

-Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

3.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.

3.1. REQUISITOS DE SUBVENCIONABILIDADE DOS PROXECTOS

1.- PROXECTOS SUBVENCIONABLES

- No marco do réxime de axudas do programa "LEADER 2007-2013", os proxectos e actuacións subvencionables deberán contribuír a acadar algún dos obxectivos indicados a continuación:
    - Aumentar a competitividade dos sectores agrario e forestal
    - Mellorar o medio ambiente e o contorno rural
    - Mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da economía rural.
    - Mellorar a gobernanza das zonas rurais e promover os seus territorios

- Os proxectos deberán cumprir as condicións de subvencionabilidade que se especifican nas fichas de elixibilidade I, II, III e IV, segundo a tipoloxía de proxectos:
    - Ficha de elixibilidade I. Proxectos enmarcables na medida 411 do PDR.- Dinamización do sector agrario e forestal.
    - Ficha de elixibilidade II: proxectos enmarcables na medida 412 do PDR.- Mellora medioambiental e do contorno rural.
    - Ficha de elixibilidade III: proxectos enmarcables na medida 413 do PDR.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.
    - Ficha de elixibilidade IV: proxectos enmarcables na medida 431 do PDR.- Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial.

- Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:
    - Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación do programa de desenvolvemento rural.
    - Ser viables técnica, económica e financeiramente.
    - Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
    - Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos.
    - Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón tamén como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
    - Que o investimento para o que se solicita a axuda non estea iniciado.

2.- BENEFICIARIOS

- No marco da estratexia de desenvolvemento formulada polo GDR no programa de desenvolvemento rural, poderán ter a condición de beneficiarios:
    - As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
    - As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
    - As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

- Os beneficiarios haberán de cumprir os seguintes requisitos:
    - Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.
    - Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
    - Cumprir os requisitos de Peme, nos termos regulados na Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003, sobre definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (2003/361/CE):

        1. Empregar a menos de 250 persoas. O cadro de persoal obterase pola media mensual habida durante o ano do último exercicio financeiro pechado e considerará tanto o persoal a xornada completa como, en ponderación mensual, o traballo a tempo parcial ou estacional.
        2. Ter un volume de negocio anual ou un balanzo xeral anual que non exceda de 50 millóns de euros.
        3. Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

        Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, para os beneficiarios das axudas a proxectos non produtivos promovidos no marco das fichas de elixibilidade II e III, e para os promotores de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que se desenvolvan no marco da medida 411. Nos termos previstos na ficha de elixibilidade I, poderán ser beneficiarias, ademais das Pemes, as empresas intermedias, que empregan a menos de 750 persoas e teñen un volume de negocios anual inferior a 200 millóns de euros.
    - Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade.

3.2. BAREMO PARA PROXECTOS PRODUCTIVOS

1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA. 40 PUNTOS.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

Máximo de 10 puntos.

Este criterio valórase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

IMRF (% sobre media galega)	Concellos	Puntuación
<85%	Cabana	10
>=85% e <90%	Laxe, Malpica	7,5
>=90% e <95%	Coristanco, Ponteceso	5
>=95% e <=100%	Laracha	2,5
>100%	Carballo	0

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

Máximo de 10 puntos.

Este criterio valórase en función en función da variación da poboación do concello no que se localiza o proxecto entre os anos 2002 e 2007 de acordo coas cifras do padrón municipal de habitantes.

Porcentaxe variación poboación 2002 - 2007	Concellos	Puntuación
>0%	Carballo, Laracha	0
>=-3% e <=0%	Laxe	2,5
>=-6% e <-3%	Coristanco	5
>=-9% e <-6%	Cabana, Ponteceso	7,5
<-9%	Malpica	10

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Máximo de 10 puntos.

Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, o GDR establece varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007.

Poboación	Puntuación
>= 2500	0
>=1000<2500	6
>=300<1000	8
>=0<300	10

1.4.- Núcleos de poboación por km^2.

Máximo de 10 puntos.

Para priorizar os proxectos que se implanten nos Concellos con máis núcleos de poboación e, polo tanto, con maiores necesidades de dotación de servizos, o GDR establece os seguintes rangos do ratio núcleos de poboación por km^2, asignando máis puntuación canto maior sexa dito ratio. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007.

Núcleos / km^2	Concellos	Puntuación
<0,50	Laxe	2
>=0,50 e <0,60	Cabana, Malpica, Ponteceso	4
>=0,60 e <0,70	Coristanco	6
>=0,70 e <0,80	Carballo	8
>=0,80	Laracha	10

2.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO. 10 PUNTOS.

O GDR establece os seguintes criterios para favorecer aqueles proxectos promovidos por determinados colectivos: proxecto promovido por mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade, persoas con experiencia e / ou formación relacionada coa actividade a desenvolver. Ademais valórase o uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto de acordo co previsto no artigo 20.2.l da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Perfil promotores *	**Puntuación**
Muller	2
Xoven < 40 anos	2
Discapacitado/a	2
Experiencia / formación relacionada coa actividade	0,5 puntos por ano acreditado (max. 2 puntos)
Utilización do galego	2

(*) No suposto de sociedades estarase á titularidade do capital.

3.- INCIDENCIA NO EMPREGO. 25 PUNTOS.

O GDR establece os seguintes criterios para avaliar a incidencia do proxecto sobre o emprego. O factor máis relevante é a creación de emprego neto. O máximo de puntuación establecido é de 25 puntos en total.

Incidencia no emprego	**Puntuación**
Creación de emprego neto	1 punto por emprego creado (ou fracción) ou 2 puntos por cada emprego creado (ou fracción) con persoas con discapacidade (max. 20 puntos)
100% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 25 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos recollidos no "Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral,…"	3 adicionais
75% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 25 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos citados	2 adicionais
50% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 25 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos citados	1 adicional

Emprego creado por cada 100.000 € de investimento (nº empregos / investimento aceptado * 100.000)	**Puntuación**
De 0 a 1 (>=0<1)	1
De 1 a 2 (>=1<2)	2
De 2 a 3 (>=2<3)	3
De 3 a 4 (>=3<4)	4
Maior de 4	5

4.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO E TIPOLOXÍA DO PROXECTO. 25 PUNTOS.

4.1.- Criterios relativos á tipoloxía e calidade do proxecto. Contribución ó desenvolvemento integral da zona e encaixe na estratexia do GDR.

Máximo de 10 puntos.

Tipoloxía de proxecto	**Puntuación**
Primeiro establecemento	4
Ampliación	3
Modernización	2
Traslado	1

Calidade do proxecto	**Puntuación**
Contido e presentación do proxecto de calidade alta	3
Contido e presentación do proxecto de calidade media	2
Contido e presentación do proxecto de calidade baixa	1

Para avalia-la calidade do proxecto se estará ó contido de este, en función da documentación que aporte, sen requerimento previo, informes comerciais, estudos de mercado, proxecto visado, soporte informático ou dixital, etc...

Contribución ó desenvolvemento integral da zona	**Puntuación**
O proxecto coincide plenamente coa estratexia do GDR	3
O proxecto é homologable dentro da estratexia do GDR	2
O proxecto contribúe ó desenvolvemento da zona aínda que non teña grande relación coa estratexia do GDR	1

4.2.- Capacidade de arrastre do proxecto.

Máximo de 5 puntos.

Este criterio valora o posible efecto multiplicador do proxecto e a súa capacidade motora para a economía da zona, en función dos seguintes aspectos:

- transformación de produtos da zona.....0,8 puntos
- porcentaxe de utilización, dentro dos inputs, de recursos endóxenos, que contribúan á valorización destes recursos.....0,7 puntos
- actividades cun efecto demostrativo inmportante.....0,7 puntos
- capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona.....0,7 puntos
- actividades que presentan sinerxias positivas con outras empresas e actividades existentes na zona;
- posta en valor do patrimonio local.....0,7 puntos
- utilización de factores productivos da zona.....0,7 puntos

4.3.- Carácter innovador do proxecto.

Máximo de 5 puntos.

Este criterio valora o grao de innovación atendendo ós seguintes aspectos:

- inexistencia da actividade no Concello.....1 punto
- inexistencia da actividade no Concello e no resto da Comarca.....1 punto
- novo producto ou servicio, ou novas aplicacións dos productos.....1 punto
- utilización de enerxías renovables.....1 punto
- incorporación das novas tecnoloxías da información e a comunicación.....1 punto

4.4.- Incidencia medioambiental.

Máximo de 5 puntos.

Este criterio valora o grao de incidencia medioambiental atendendo ós seguintes aspectos:

- utilización sostible dos recursos endóxenos.....0,6 puntos
- contribución á biodiversidade e conservación de hábitats.....0,6 puntos
- xestión de recursos hídricos.....0,6 puntos
- contribución á prevención de incendios.....0,6 puntos
- existencia de recollida de residuos e alcantarillado na ubicación do proxecto.....0,6 puntos
- proxecto constructivo axeitado á tipoloxía da zona.....0,6 puntos
- localización de actividades molestas en solo industrial.....0,6 puntos
- utilización de medidas correctoras dos impactos.....0,6 puntos

- compromiso de obtención dos certificados de xestión ambiental ISO 9001 ou similar.....0,6 puntos

3.3. BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA. 40 PUNTOS.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

Máximo de 10 puntos.

Este criterio valórase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

IMRF (% sobre media galega)	Concellos	Puntuación
<85%	Cabana	10
>=85% e <90%	Laxe, Malpica	7,5
>=90% e <95%	Coristanco, Ponteceso	5
>=95% e <=100%	Laracha	2,5
>100%	Carballo	0

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

Máximo de 10 puntos.

Este criterio valórase en función en función da variación da poboación do concello no que se localiza o proxecto entre os anos 2002 e 2007 de acordo coas cifras do padrón municipal de habitantes.

Porcentaxe variación poboación 2002 - 2007	Concellos	Puntuación
>0%	Carballo, Laracha	0
>=-3% e <=0%	Laxe	2,5
>=-6% e <-3%	Coristanco	5
>=-9% e <-6%	Cabana, Ponteceso	7,5
<-9%	Malpica	10

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Máximo de 10 puntos.

Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, o GDR establece varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007.

Poboación	Puntuación
>= 2500	0
>=1000<2500	6
>=300<1000	8
>=0<300	10

1.4.- Núcleos de poboación por km^2.

Máximo de 10 puntos.

Para priorizar os proxectos que se implanten nos Concellos con máis núcleos de poboación e, polo tanto, con maiores necesidades de dotación de servizos, o GDR establece os seguintes rangos do ratio núcleos de poboación por km^2, asignando máis puntuación canto maior sexa dito ratio. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007.

Núcleos / km^2	Concellos	Puntuación
<0,50	Laxe	2
>=0,50 e <0,60	Cabana, Malpica, Ponteceso	4
>=0,60 e <0,70	Coristanco	6
>=0,70 e <0,80	Carballo	8
>=0,80	Laracha	10

2.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO. 10 PUNTOS.

O GDR establece os seguintes criterios para favorecer aqueles proxectos cun ámbito supramunicipal e/ou promovidos por entes supramunicipais co fin de potenciar a vertebración comarcal do territorio. En proxectos de promoción privada valórase tamén a implicación no proxecto de varias entidades; o peso nas entidades de determinados colectivos (mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade). Ademais valórase o uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto de acordo co previsto no artigo 20.2.l da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Perfil promotores e ámbito do proxecto	**Puntuación**
Proxecto de ámbito supramunicipal	2
Promotor de ámbito supramunicipal	2
Proxecto promovido por varias entidades	2
Promotor formado maioritariamente por mulleres, mozos ou persoas con discapacidade	2
Utilización do galego	2

3.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO. 40 PUNTOS.

3.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.

Máximo 10 puntos

Este criterio ten en conta os seguintes aspectos:

Volume de poboación beneficiada polo proxecto (ata 2 puntos)	**Puntuación**
Menos de 100 persoas	0
Entre 100 e 500 persoas	1
Máis de 500 persoas	2

Mellora de dotacións e servicios básicos á poboación (ata 2 puntos)	**Puntuación**
Proxecto non mellora as dotacións ou servicios básicos á poboación	0
Proxecto mellora as dotacións ou servicios básicos á poboación	1
Proxecto mellora significativamente as dotacións ou servicios básicos á poboación	2

Implantación de TIC no medio rural (ata 2 puntos)	**Puntuación**
O proxecto non contempla as TIC	0
O proxecto contempla as TIC	1
O proxecto se centra nas TIC	2

Proxectos relacionados coa formación e información no medio rural (ata 2 puntos)	**Puntuación**
Proxecto non relacionado con esta temática	0
Proxecto relacionado coa formación ou coa información no medio rural	1
Proxecto relacionado co ámbas temáticas	2

Novos servicios á terceira idade e a outros colectivos menos favorecidos (ata 2 puntos)	**Puntuación**
Proxecto non relacionado con esta temática	0
Proxecto relacionado cos servicios a terceira idade	1
Proxecto relacionado con servicios a outros colectivos menos favorecidos	2

3.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego.

Máximo 10 puntos

Este criterio ten en conta os seguintes aspectos:

- mellora da formación do empresariado local.....3 puntos
- mellora das oportunidades de emprego e autoemprego das mulleres, dos xóvenes e das persoas con discapacidade.....4 puntos
- iniciativas que incentiven a cooperación entre empresas.....3 puntos

3.3.- Incidencia medioambiental.

Máximo de 10 puntos.

Este criterio valora o grao de incidencia medioambiental atendendo ós seguintes aspectos:

- utilización sostible dos recursos endóxenos.....0,6 puntos
- contribución á biodiversidade e conservación de hábitats.....0,6 puntos
- xestión de recursos hídricos.....0,6 puntos
- contribución á prevención de incendios.....0,6 puntos
- existencia de recollida de residuos e alcantarillado na ubicación do proxecto.....0,6 puntos
- proxecto constructivo axeitado á tipoloxía da zona.....0,6 puntos
- localización de actividades molestas en solo industrial.....0,6 puntos
- utilización de medidas correctoras dos impactos.....0,6 puntos
- compromiso de obtención dos certificados de xestión ambiental ISO 9001 ou similar.....0,6 puntos

3.4.- Incidencia sobre colectivos determinados.

Máximo 10 puntos

Este criterio valora o grao de incidencia sobre colectivos determinados atendendo ós seguintes aspectos:

- promoción da igualdade entre o home e a muller.....3 puntos
- incidencia sobre ós xóvenes.....3 puntos
- integración de colectivos de especial dificultade (persoas con discapacidade, inmigrantes ou emigrantes retornados, persoas maiores,…).....4 puntos

3.4. REGRAS BÁSICAS

A puntuación mínima que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado, establécese en 20 puntos tanto para os proxectos productivos como os non productivos. As porcentaxes de axuda para esa nota de corte e as puntuacións e porcentaxes máximos establecidos en cada caso serán os seguintes:

	Nota de corte	% Axuda	Nota máxima	% Axuda
Proxectos productivos	20	20,00	70	45,00
Proxectos non productivos. Prioridade alta	20	75,00	60	100,00
Proxectos non productivos. Prioridade media	20	50,00	60	70,00
Proxectos non productivos. Prioridade baixa	20	25,00	60	50,00

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcuaranse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal. Como resultado dese cálculo obtéñense as seguintes táboas de cálculo de porcentaxes de axuda segundo a tipoloxía de proxectos:

PROXECTOS PRODUCTIVOS

Puntos obtidos na baremación	% de axuda	Puntos obtidos na baremación	% de axuda
20	**20,0**	45	32,5
21	20,5	46	33,0
22	21,0	47	33,5
23	21,5	48	34,0
24	22,0	49	34,5
25	22,5	50	35,0
26	23,0	51	35,5
27	23,5	52	36,0
28	24,0	53	36,5
29	24,5	54	37,0
30	25,0	55	37,5
31	25,5	56	38,0
32	26,0	57	38,5
33	26,5	58	39,0
34	27,0	59	39,5
35	27,5	60	40,0
36	28,0	61	40,5
37	28,5	62	41,0
38	29,0	63	41,5
39	29,5	64	42,0
40	30,0	65	42,5
41	30,5	66	43,0
42	31,0	67	43,5
43	31,5	68	44,0
44	32,0	69	44,5
		70	**45,0**

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS. PRIORIDADE ALTA

Puntos obtidos na baremación	% de axuda	Puntos obtidos na baremación	% de axuda
20	**75,0**	40	87,5
21	75,6	41	88,1
22	76,3	42	88,8
23	76,9	43	89,4
24	77,5	44	90,0
25	78,1	45	90,6
26	78,8	46	91,3
27	79,4	47	91,9
28	80,0	48	92,5
29	80,6	49	93,1
30	81,3	50	93,8
31	81,9	51	94,4
32	82,5	52	95,0
33	83,1	53	95,6
34	83,8	54	96,3
35	84,4	55	96,9
36	85,0	56	97,5
37	85,6	57	98,1
38	86,3	58	98,8
39	86,9	59	99,4
		60	**100,0**

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS. PRIORIDADE MEDIA

Puntos obtidos na baremación	% de axuda	Puntos obtidos na baremación	% de axuda
20	**50,0**	40	60,0
21	50,5	41	60,5
22	51,0	42	61,0
23	51,5	43	61,5
24	52,0	44	62,0
25	52,5	45	62,5
26	53,0	46	63,0
27	53,5	47	63,5
28	54,0	48	64,0
29	54,5	49	64,5
30	55,0	50	65,0
31	55,5	51	65,5
32	56,0	52	66,0
33	56,5	53	66,5
34	57,0	54	67,0
35	57,5	55	67,5
36	58,0	56	68,0
37	58,5	57	68,5
38	59,0	58	69,0
39	59,5	59	69,5
		60	**70,0**

PROXECTOS NON PRODUCTIVOS. PRIORIDADE BAIXA

Puntos obtidos na baremación	% de axuda	Puntos obtidos na baremación	% de axuda
20	**25,0**	40	37,5
21	25,6	41	38,1
22	26,3	42	38,8
23	26,9	43	39,4
24	27,5	44	40,0
25	28,1	45	40,6
26	28,8	46	41,3
27	29,4	47	41,9
28	30,0	48	42,5
29	30,6	49	43,1
30	31,3	50	43,8
31	31,9	51	44,4
32	32,5	52	45,0
33	33,1	53	45,6
34	33,8	54	46,3
35	34,4	55	46,9
36	35,0	56	47,5
37	35,6	57	48,1
38	36,3	58	48,8
39	36,9	59	49,4
		60	**50,0**

4.- PLAN DE DIFUSIÓN.

A elaboración do Plan de Difusión do Grupo encargouse á empresa "Aporta Comunicación e Medio Ambiente". A continuación transcríbese o documento entregado por esta empresa no que se perfilan as principais características e obxectivos do proceso informativo - divulgativo do programa.

4.1. COMUNICACIÓN

En toda organización, e máis se cabe naquelas nas que existe unha gran diversidade de públicos e nas que hai un contacto directo con eles, necesítase contar cun plan de comunicación.

Un plan de comunicación non deixa de ser máis que unha secuencia de preguntas que permite organizar, xestionar e programar a comunicación da organización.

A comunicación, en tanto que é un elemento variable e controlable do "márketing mix", é unha ferramenta de xestión encamiñada a mellorar os resultados da entidade.

4.2. PLAN DE COMUNICACIÓN

4.3. ANÁLISE DA SITUACIÓN

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia.

A Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños abrangue os seguintes municipios: Carballo, Coristanco, Malpica, Ponteceso, A Laracha, Cabana e Laxe; ademáis de asociacións e outros socios.

Dita entidade ten a súa sede no Centro Comarcal de Buño.

A función básica desta Asociación é a de elaborar estratexias, planificar actuacións, coordinar e xestionar recursos destinados ao desenvolvemento do medio rural, así como xestionar Fondos Europeos.

Unha das iniciativas que levaron a cabo foi o Programa AGADER e agora prepara a candidatura LEADER 2007-2013.

Este programa ten os seguintes obxectivos:

_ participación social

_ melloras nas condicións e a calidade de vida

_ potenciación dos recursos humanos

_ medio ambiente

_ mellora da actividade económica local.

Para a consecución de ditos obxectivos contan cun proxecto cunha estratexia centrada en propoñer a valorización dos recursos naturais e culturais como eixo de intervención prioritaria.

Esta estratexia plásmase nunha serie de accións integradas, entre elas: a prestación de servizos ás empresas; a renovación e desenvolvemento dos núcleos de poboación, a valorización da producción agraria, o fomento das pequenas empresas, a valorización do patrimonio rural e local, os investimentos turísticos no medio rural, no eido social, medioambiental e o impulso do desenvolvemento sostible.

De seguido presentamos un cadro no que se expoñen as principais conclusión do proceso de investigación e análise, describindo os factores máis relevantes que poden influír no proceso de comunicación, tanto no ámbito interno coma no externo.

Esta análise permitirá definir de xeito máis claro e eficaz os obxectivos, estratexias e accións que se poden pór en marcha no eido da comunicación.

4.4. DAFO. PLAN DE DIFUSIÓN

DEBILIDADES	AMEAZAS
-Descoñecemento deste tipo de entidades -Descoñecemento dos programas e funcións que desempeñan -Pouca difusión (só na páxina web do Concello) -Folletos informativos e divulgativos mal orientados e con deseño pobre	-A marcha da xente do rural ás cidades -Reducción constante do sector primario -A actual crise económica -Desinformación sobre as oportunidades da Unión Europea -A xente non quere compartir coñecementos -A poboación non aproveita este tipo de axudas públicas, principalmente por descoñecemento
FORTALEZAS	**OPORTUNIDADES**
-É un programa cun orzamento alto -Permite manter o potencial humano da comarca -Permite conservar o patrimonio natural e cultural da comarca -Posibilidade dunha comunicación directa e segmentada -Forte presenza do sector primario no tecido económico -Dispoñen dunhas instalación (Centro Comarcal) -Potencialidade turística -Mellora das comunicacións	-Inversións en Desenvolvemento Sostible -Axudas a este tipo de iniciativas´(innovación, diversificación e apoio ao emprendedor) -Maior número de medios de comunicación -Aplicación de novas tecnoloxías -Posibilidade de oportunidades de negocio -Mellora competitiva das empresas -Crecemento do Turismo -Explotación do Patrimonio -Novos parques empresariais -Zona de influencia do Porto Exterior

4.5. OBXECTIVOS

Unha vez analizada a situación, o "onde estamos", pásase ó "onde queremos ir", é dicir, establécense os obxectivos, os fins que a organización pretende lograr co plan de comunicación.

O obxectivo básico do Programa Leader de Galiza 2007-2013 é contribuír ó desenvolvemento rural endóxeno, integrado e sostido da zona.

A nivel de comunicación, perséguense os seguintes aspectos:

OBXECTIVO PRINCIPAL

- Dar a coñecer o Programa Leader de Galiza 2007-2013 na Comarca de Bergantiños

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Levar a cabo accións informativas e de publicidade
- Divulgar os beneficios do Programa Leader de Galiza 2007-2013
- Mellorar a comunicación e a interacción entre os distintos grupos de persoas implicadas no Programa
- Conseguir que os expertos neste campo compartan os seus coñecementos
- Dinamizar o tecido socioeconómico para que a poboación presente proxectos

4.6. TARGET

En función dos obxectivos presentados no apartado anterior, cómpre definir o público receptor de todas as accións de comunicación que se vaian a pór en marcha.

_ Empresarios individuais

_ Sociedades mercantís

_ S A T`s

_ Cooperativas

_ Sociedades Laborais

_ Entes públicos de carácter local

_ Concellos

_ Mancomunidades

_ Fundacións

_ Asociacións

Estas entidades son as que o Programa Leader define como beneficiarias das axudas, e polo tanto, son ás que debemos apuntar coas nosas accións.

De todos modos, non nos podemos esquecer doutro tipo de públicos que van influir na consecución dos obxectivos e ós cales haberá que dirixir as accións propostas: os medios de comunicación, que ademáis de ser líderes de opinión actúan de "fios" conductores da información e realizan unha tarefa de intermediación por medio da cal se chega ós públicos obxectivos que interesan.

4.7. ESTRATEXIA

Unha vez definidos os obxectivos que se pretenden acadar e o público ó que hai que dirixirse para que os resultados sexan os axeitados, o seguinte dos pasos do plan de comunicación é o de trazar a estratexia que se debe seguir.

Cando se elabora unha estratexia é importante que quede claro cal é a mensaxe básica ou clave que se vai transmitir, é dicir, definir o "contido da comunicación".

A meta que se persegue neste caso, é unha estratexia informativa, con vocación divulgativa.

Trátase de que a poboación coñeza o Programa Leader de Galiza 2007-2013 de forma detallada e veraz, que sepa qué pasos ten que dar para optar a esas axudas e cales son as esixencias e beneficios do mesmo.

A través deste traballo conseguirase que a xente sexa consciente da importancia do desenvolvemento rural, da diversidade de opcións existentes para que este avance sexa posible, tanto no campo do turismo, da pesca, gandería, explotacións agrarias, melloras do medio ambiente e da calidade de vida, etcétera.

4.8. ACCIÓNS



Dende Aporta Comunicación propóñense unha serie de accións que permitirán acadar os obxectivos marcados:

I.- Deseño da imaxe corporativa da campaña: crearase unha imaxe para todas as accións que propoñemos, todas teñen que seguir a mesma liña, unificada, clara e fácil de entender. É importante que a poboación cando vexa calquera destes elementos de comunicación os asocie co programa Leader da Comarca de Bergantiños

II.- Constituirase un Gabinete de prensa: éste permitirá manter actualizada toda a información, redactar e xestionar todas estas accións de comunicación, facilitando a relación cos medios.

III.- Organización dun congreso informativo. Estará dirixido aos axentes aos axentes sociais e aos informadores.

Realizarase nun auditorio habilitado para o efecto (con elementos publicitarios), estarán presentes personalidades da zona, expertos no eido do desenvolvemento rural e empresas que contarán as súas experiencias.

Así mesmo, convocarase a medios de comunicación e enviaranse invitacións a todas as entidades que forman parte do target xa definido, abarcando así todos os públicos que nos interesan.

IV.- Deseño dunha páxina web específica para o programa Leader na Comarca de Bergantiños: será unha páxina bilingüe, cun deseño moderno e claro, onde aparecerá información e documentos en pdf que a xente poida descargar e consultar. A interactividade ten que ser un elemento clave, e a información ten que ser o máis veraz posible.

V.- Publicación dun folleto informativo: irá acompañado por un CD, de forma que permita un mellor almacenamento da información. Distribuirase entre o target e diversas entidades da zona que poidan estar relacionadas dunha maneira ou doutra con ese público. Tamén poderán realizarse envíos puntuais que afiancen esa información.

Este folleto estará presente en formato pdf na páxina web para que calquera que queira o poida descargar.

VI.- Realización dun vídeo documental: será un vídeo informativo sobre o programa Leader e as posibilidades de desenvolvemento da comarca de Bergantiños, estará composto por reportaxes e opinións de expertos, así como por imaxes que apoien dita información.

Este vídeo presentarase en formato DVD.

Durante o Congreso farase unha proxección do mesmo, distribuirase entre as entidades da zona, estará presente na sede da Asociación e poderase ver na páxina web.

VII.- Publicidade en medios: centrarémonos na publicidade en prensa, insertaranse unha serie de anuncios onde se presente o programa e aparezan datos de contacto para ampliar a información.

VIII.- Inserción dun encarte: insertarase na prensa escrita, en domingo, para que teña unha maior difusión.

IX.- Realización dun póster informativo: editarase unha cantidade grande que permita ter unha presencia visible en toda a comarca. Na elaboración do mesmo primará o coidado da imaxe e a mensaxe a transmitir.

X.- Publicación dun boletín trimestral: a publicidade que se realice verase afianzada coa edición dun boletín, que servirá para deixar constancia de todo o que se vai facendo e ó mesmo tempo será un medio de "recordo" cada tres meses. A distribución será a mesma ca empregada para os folletos.

XI.- Publicación dunha memoria anual: esta memoria servirá para facer un balance de todas as accións e estudiar os resultados obtidos durante ese ano. Ademáis da información técnica e estadística terá unha vertente divulgativa.

XII.- Levaranse a cabo reunións informativas e divulgativas, con especial referencia ás actuacións sobre o terreo; unha por cada un dos concellos integrantes e tamén polos sectores representados nas distintas mesas sectoriais. Así mesmo atenderanse todas as posibles solicitudes de calquera colectivo que esté interesado, representativo de intereses económicos ou sociais do territorio.